

A sexta edición do ciclo “Un mes e Pico” xirará en torno á xeoloxía e a astronomía

“Xeoloxía e astronomía no Pico Sacro”. Esta é a temática da sexta edición do ciclo “Un mes e Pico”, unha iniciativa promovida polo Concello de Boqueixón e a Xunta para poñer en valor o monte ilicino e que foi presentada polo secretario xeral da Lingua, Valentín García, o alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, e o físico, profesor e divulgador científico Jorge Mira.

Rodeiro salienta que “estes seis anos de actividades demostran que o Pico Sacro merece ser declarado Ben de Interese Cultural. Agora imos centrarnos nos seus valores xeolóxicos, pois esta montaña de cuarzo nun territorio caracterizado polo granito é unha singularidade xeolóxica, e no seu valor como punto de observación astronómica, cos seus 533 metros de altura e libre de contaminación lumínica”.

Programa do ciclo

O ciclo contará con dúas visitas guiadas, unha observación astronómica dirixida por Jorge Mira, unha conferencia de Francisco Canosa e a tradicional cerimonia do



Presentación da sexta edición do ciclo “Un mes e Pico”

lume sagrado. Todas serán de participación de balde, se ben o número de prazas é limitado, polo que será precisa inscrición previa en boqueixonturismo@gmail.com ou no 981 513 061. O punto de encontro será o aparcadoiro do Pico Sacro.

O programa abrirase o domingo 9 de xuño, ás 11:00 horas, cunha visita xeolóxica ao Pico Sacro con Geotur Galicia.

O venres 14 de xuño, ás 19:00 horas, a Capela de San Sebastián acollerá a conferencia “O Pico Sacro visto con ollos xeolóxicos”, de Francisco Canosa Martínez, director científico do Xeoparque Cabo Ortegal. O propio Canosa guiará o “Paseo xeolóxico pola con-

torna do Pico Sacro”, que terá lugar o sábado 15 de xuño, ás 17:00 horas.

O domingo 16 de xuño, ás 13:00 horas, terá lugar a Cerimonia do Lume Sagrado, coa colaboración da Asociación do Castro da Fervenza de Callobre e coa actuación de Son de Gaita. Un lume que quedará custodiado ata o día de San Xoán, onde poderá recollerse para as cacharelas do 23 de xuño, de 18:00 a 20:00 horas.

Finalmente, o venres 21 de xuño, ás 23:00 horas, terá lugar “A noite de solsticio dende a tumba do dragón”, unha observación astronómica da man de Jorge Mira coincidindo coa noite máis curta do ano.

Volven as visitas guiadas á Cova do Pico

O Concello de Boqueixón e a Federación Galega de Espeleoloxía organizan 32 visitas guiadas ás covas do Pico Sacro entre xuño e setembro. As persoas interesadas en participar deberán anotarse na web www.espeleoloxia.org/web/visitapicosacro/

As baixadas terán lugar os sábados: 8 e 29 de xuño; 13 e 27 de xullo; 10 e 24 de agosto; e 7 e 21 de setembro en catro horarios diferentes: de mañá (10:00 a 12:00 e 12:00 a 14:00 h) e de tarde (16:00 a 18:00 e 18:00 a 20:00 h), cun máximo de 5 persoas por queda. O prezo é de 30 euros por persoa, se ben as empadroadas en Boqueixón terán un prezo especial de 20 euros e a mocidade entre 12 e 18 anos aboará so 15€.

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
27 mai	09 xun	Oural - Pousaa - Sucira	Casa da Cultura
10 xun	16 xun	Ledesma	Campo da festa
17 xun	23 xun	A Granxa	Campo da festa
24 xun	07 xul	Sergude	Campo da festa de San Bieito

A Garda Civil dará charlas aos maiores sobre seguridade

A Garda Civil impartirá dúas charlas dirixidas aos maiores de Boqueixón nas que ofrecerá consellos para previr roubos, estafas, furtos e malos tratos, así como información para saber como actuar diante destas circunstancias, tanto se se producen na vía pública, no domicilio, no banco, na Internet ou durante unha viaxe.

Trátase dunha iniciativa incluída no "Plan maior seguridade", organizado polo Ministerio do Interior e que conta coa colaboración do Concello de Boqueixón.

As charlas terán lugar o martes 25 de xuño, ás 10:30 horas, no local social de Lestedo; e o mércores 26 de xuño, ás 10:30, na biblioteca municipal do Forte.

Aberto o prazo de solicitude de cacharelas para a noite de San Xoán

O Concello abre o prazo de solicitude para as cacharelas da noite de San Xoán. A entrega da documentación correspondente debe facerse antes das 12:00 horas do 22 de xuño no Rexistro Xeral de Boqueixón. O modelo de solicitude e as normas a seguir pódense descargar na web www.boqueixon.gal.

Descontos do 50% e opción de comedor no Verán Activo 2024

O Concello de Boqueixón convoca unha nova edición do Verán Activo, un programa lúdico e educativo que permitirá ás familias do municipio conciliar a súa vida persoal e laboral nas vacacións de verán, ao tempo que oferta unha alternativa de lecer atractiva para crianzas. A iniciativa, enmarcada dentro do Plan Corresponsables, está dirixida a alumnado de 2º ciclo de educación infantil, primaria e secundaria (entre os 3 e os 16 anos).

As actividades terán lugar do 24 de xuño ao 10 de setembro nas instalacións municipais do Forte e do CPI Antonio Orza Couto. O horario será de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, coa posibilidade de ampliación horaria nos meses de xullo e agosto en caso de necesidade (ben adiantando a entrada ás 8:00 horas, atrasando a saída ás 15:00



horas ou ambas as dúas opcións). Por primeira vez, haberá opción de solicitar servizo de comedor, sendo neste caso o horario de saída ata as 15:30 horas. O prazo de inscrición estará aberto ata o 11 de xuño.

Prezos e bonificacións

O Concello de Boqueixón reduciu os prezos base da actividade con respecto a 2023 e estableceu

unha serie de bonificacións que permiten que a gran maioría das familias poidan gozar dun desconto mínimo do 50% con respecto ao ano pasado. Unhas bonificacións que poden chegar mesmo á gratuidade do servizo, respecto das familias con menos recursos económicos. Máis información e descarga da ficha de inscrición na web municipal www.boqueixon.gal.

Rematadas as obras de drenaxe da AC-960 en Camporrapado

A Xunta vén de rematar as obras de mellora da drenaxe da AC-960 en Camporrapado, nas que investiu preto de 50.000 €. Grazas a esta actuación evítanse problemas nos casos de fortes choivas, evitando embolsamentos de augas e mellorando a seguridade tanto de vehículos como

de peóns. Ademais, evítase que a auga poida chegar a entrar en vivendas e comercios.

Durante as obras procedeuse a cambiar o sistema de canalización de augas pluviais por outras de maior capacidade tanto na AC-960 como na estrada municipal que se une nese punto.



“Correntes do Ulla”, actividades na natureza para gozar do verán

Os alcaldes de Boqueixón e Vedra, Ovidio Rodeiro e Carlos Martínez, presentaron o programa “Correntes do Ulla”, que encherá Boqueixón e Vedra de actividades de ocio e tempo libre na natureza durante este verán. Iso si, as prazas son limitadas polo que é obrigatorio anotarse previamente. As inscricións abriranse o 5 de xuño en www.boqueixon.gal.



Presentación do programa “Correntes do Ulla”

O 29 de xuño terá lugar o Descenso do Ulla en kaiak do Campo do Río de Ponteledesma á área recreativa de Agronovo. O prezo é de 25€ (kaiak de 2 persoas, chaleco salvavidas e seguro). Dirixido a maiores de 13 anos.

En xullo, a Escola de Pesca de David Arcay, campión do mundo de pesca con mosca, celebrarase os días

10 e 11 nas áreas recreativas de Agronovo e Sucira. E do 15 ao 26 de xullo, nova edición do campo de voluntariado “Unindo Roteiros”, para mocidade entre 18 e 30 anos.

O 28 de xullo terá lugar un paseo en bici polo Val do Ulla. Un roteiro circular de 30 km con saída ás 10:00 horas da área de recreo de

Castilláns e avituallamento en Ponte Ledesma.

Finalmente, as andainas do programa “Goza do Ulla” volven o 20 de xullo (roteiro de Pescadores) e o 4 de agosto (do Couto de Ximonde a Pontevea). En ambos os dous casos, a saída terá lugar ás 10:00 horas, a distancia é duns 10 km e a dificultade é media.



Curso gratuíto para persoas coidadoras

Agadea Alzheimer e o Concello de Boqueixón, convoca o curso gratuíto “Coidados compartidos”, dirixido a persoas coidadoras de xente cunha demencia neurodexeñativa. As sesións terán lugar no salón de Plenos os días 25 e 26 de xuño, de 16:00 a 20:00 horas. Inscricións e máis información nos Servizos Sociais (981 51 30 61) e en Agadea (663 018 389).

A mostra fotográfica “Auga, o sangue a terra”, na casa do Concello

A Casa do Concello de Boqueixón acolle ata o 3 de xuño a exposición “Auga, o sangue da terra”, promovida por AFUNDACIÓN e ABANCA para concienciar á sociedade sobre a importancia da auga e de non malgastar este escaso recurso natural. Unha mostra de 29 fotografías inaugurada por Gonzalo Redondo, concelleiro de Cultura; Paloma Vela Garicano, coordinadora adxunta á Area de Cultura de AFUNDACIÓN; e José Manuel Vilariño Orgeira, coordinador institucional de ABANCA, que estiveron acompañados por un grupo de escolares de 1º da ESO do CPI Antonio Orza Couto.



Sergude, capital forestal do noroeste peninsular no Galiforest

O alcalde, Ovidio Rodeiro Tato, reuniuse co director xerente da Feira Internacional de Galicia Abanca, Ricardo Durán, para preparar a loxística necesaria de cara á celebración da sétima edición de Galiforest Abanca, que terá lugar no Pazo de Quián (Sergude, Boqueixón) do 27 ao 29 de xuño. “Trátase dun evento que se ten consolidado en Boqueixón como o gran espazo de negocio e o punto de encontro e de referencia do sector forestal na Península Ibérica”, explica Ovidio Rodeiro.

Convocada unha nova edición dos cursos de inglés

O Concello de Boqueixón convoca unha nova edición dos seus cursos de inglés, que terán lugar de outubro a xuño no CPI Antonio Orza Couto. Uns cursos dirixidos a alumnado de Infantil, Primaria, Secundaria e mocidade a partir de 16 anos, grupos A2, B1 e B2.

Deste xeito, o alumnado matriculado no curso actual poderá renovar a súa praza antes do 6 de xuño. Acto seguido, do 7 ao 20 de xuño abrirase o prazo para novas matrículas.

A documentación esá dispoñible en www.boqueixon.gal. Máis información: 981 513 115 ou no mail cultura@boqueixon.gal.



Laxe e as Rías Baixas, próximos destinos de Boqueixón en Ruta

Un total de 55 veciños e veciñas de Boqueixón participaron na excursión a Ribadavia, a primeira das saídas previstas no programa "Boqueixón en ruta". Unha xornada durante a que puideron visitar lugares emblemáticos como o Castro de San Cibrao de Las, o casco histórico de Ribadavia, o seu castelo, o Museo do Viño ou o Museo Etnolóxico.

Os próximos destinos de "Boqueixón en ruta" serán os Canóns do Sil (1

de xuño) e unha ruta de sendeirismo entre Laxe e Arou programada para o 15 de xuño. Ademais, para o 3 de xullo está prevista tamén unha excursión ás Rías Baixas.

As inscricións poderán facerse presencialmente no Concello ou chamando ao 981 513 115. As prazas e o número do asiento no autobús adjudicarase por rigorosa orde de anotación, sendo o número de asentos limitado.

Aberta a inscrición nas actividades deportivas para persoas adultas

O Concello de Boqueixón informa de que ata o 6 de xuño estará aberto o procedemento de renovación de praza para os veciños e veciñas que participan este ano nas actividades deportivas para persoas adultas. Dende o Departamento de Deportes informárase do procedemento a seguir.

Por outra banda, do 7 ao 20 de xuño abrirase o prazo de recepción de novas matrículas para a temporada 2024-2025.

A documentación e as bases desta nova convocatoria poderán ser consultadas na web municipal: www.boqueixon.gal.



Entregados os premios do Certame de Relato Curto Xosé Neira Vilas

Máis de 200 alumnos e alumnas do CPI Antonio Orza Couto participaron no Festival das Letras Galegas de Boqueixón, onde o alcalde Ovidio Rodeiro entregou os premios do X Certame de Relato Curto Xosé Neira Vilas e a artista Iria Aldegunde presentou a súa adaptación á banda deseñada do libro "Memorias dun neno labrego". Os premios foron para Hugo Rosende Borrageros, Icíá Amorín López, Yeraí Castro Salgueiro, Fátima de la Iglesia Lobato, Abel Brey Castro, Samuel Campos Bernal, Noa Méndez Picallo, Nerea Rendo Sánchez e Ainoa Rouco González.

Fin das visitas ao balneario para persoas maiores de 60 anos

Este mes de maio remataron as visitas organizadas polo Concello de Boqueixón ás instalacións do Hotel Balneario Compostela (Brión), onde veciños e veciñas maiores de 60 anos puideron desfrutar dun circuito termal de dúas horas de duración. Unha proposta que incluía, entre outras, piscinas dinámicas con chorros, contracorrentes, fervezas, camas de auga, jacuzzi, asentos de burbullas, duchas bitérmicas, circuito circulatorio de pernas, ducha de aromas...





O XXXI Encontro de Maiores reuniu a 370 veciños e veciñas no Forte

Un total de 370 veciños e veciñas tomaron parte na edición número 31 do Encontro de Maiores de Boqueixón, unha xornada de lecer e confraternidade celebrada no polideportivo municipal do Forte. O encontro arrincou cunha misa no salón de actos do colexio, que deu paso ao xantar.

Como é tradición, o Concello homenaxeou ás dúas persoas de maior idade desta cita: Consuelo Torres



Vázquez, de 92 anos, e Solitario Barcala Villa, de 90, ambos os dous veciños de Sergude, recibiron cadansúa placa conmemorativa.

Grazas á colaboración un ano máis de Gasolineras SBC, realizouse un sorteo de agasallos entre todas as persoas asistentes.

O Concello ofrece un local na Casa da Cultura para Casa do Maior

O Concello de Boqueixón autorizará a ocupación dun local na Casa da Cultura de Camporrapado para acoller unha nova Casa do Maior. Esa persoa deberá estar empadroada en Boqueixón e resultar adxudicataria da subvención para a posta en marcha dunha casa do maior na convocatoria realizada pola Xunta e publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) do xoves 23 de maio.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, indica que “sabemos que hai persoas interesadas e queremos colaborar nun servizo necesario e sen custe, demandado pola veciñanza e que fomenta a autonomía dos nosos maiores”.

Donas celebra as súas festas na honra a Santa Rita

Donas celebrou o pasado 22 de maio as Festas na honra a Santa Rita. Unha celebración que deu comezo a última hora da tarde coa misa solemne, onde tivo lugar a bendición e rosas e venda de ceras, tanto velas como figuras. A continuación tivo lugar a procesión ata o cruceiro. Xa pola noite, o Dúo Pachi Show puxo a música á verbena, acompañada de polbo, churrasco, rosquillas e churros. Parabéns a toda a veciñanza, en especial a Juan Manuel da Casa Grande de Donas pola organización.



A Romaría do Pico Sacro recupera a súa tradicional procesión

Gran afluencia de xente na Romaría do Pico Sacro na honra a San Sebastián do pasado 26 de maio, onde a Comisión de Festas da Granxa recuperou a tradicional procesión ao redor da capela. Os grupos Raeira e Luz do Ilicino puxeron a música a unha romaría con polbo, churrasco e doces. A maiores, o Concello organizou o roteiro “Relixión e simbolismo polo Pico Sacro”.



As Carrozas do San Cidre brillan nas súas vodas de ouro

A veciñanza de Oural celebrou as vodas de ouro das Carrozas do San Cidre, unha festa para exaltar a tradición e as actividades agrogandeiras organizada pola Asociación das Carrozas do San Cidre, en colaboración co Concello, e que agarda ser declarada Festa de Interese Turístico de Galicia. Un desfile no que participaron oito carrozas, feitas ao longo do ano polos veciños e veciñas da parroquia, e que este ano contaron coa compañía dun grupo de tractores antigos

do Museo do Campo e Mecanización de Silleda.

A festa contou coa participación do alcalde, Ovidio Rodeiro, e a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, que participaron no pregón e na entrega de premios ás mellores carrozas: Crackrozas, Sin Ley Quiero e Cuchipandas.

Un día antes, a Asociación encheu a Casa da Cultura de Camporrapado para presentar o documental "As carrozas do San Cidre: costumes, agro e tradición".



Cursos de natación de iniciación e perfeccionamento no mes de xullo

O Concello de Boqueixón abre do 3 ao 12 de xuño o prazo de inscrición nos cursos de natación da tempada 2024. As clases terán lugar en horario de mañá durante o mes de xullo na piscina municipal do Forte. O curso está dirixido a crianzas de entre 4 e 12 anos e ofrécense dous niveis: iniciación e perfeccionamento.

As persoas interesadas en participar deberán presentar a ficha de inscrición por Rexistro a través da sede electrónica municipal ou presencialmente na Casa do Concello. O prezo deste curso de natación é de 15 euros.

Boqueixón convoca os voluntariados Xuvenil, Activo, CREA Igualdade e Mediadores

Falar de Boqueixón é falar de voluntariado, o que amosa compromiso, dedicación e esforzo da mocidade do municipio. Por iso, o Concello oferta este verán varias modalidades. Por unha banda está o clásico Voluntariado Xuvenil, dirixido a mozos/as de 16 a 30 anos, e que é fundamental para apoiar actividades como o Verán Activo ou, durante o curso, as Tardes Educativas e de Lecer ou as actividades deportivas. Ao finalizar a súa colaboración, a persoa voluntaria recibe un certificado acreditativo da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Dende a Oficina Municipal de Información Xuvenil púxose en marcha hai un par de anos o Voluntariado Activo, para rapaces e



rapazas nados no 2008 e 2009 que queiran introducirse no voluntariado.

Tamén se mantén o "CREA Igualdade", un proxecto de dinamización xuvenil dirixido a rapaces e rapazas de 12 a 15 anos. Ademais, o Concello ofrece a posibilidade de que a mocidade se forme como "Mediador xuvenil". Dúas iniciativas incluídas no Programa Corresponsables.

Máis información e inscricións no 981 51 31 15 do 15 ao 20 de xuño.

A piscina municipal abrirá as súas portas o 15 de xuño

A piscina do Forte abrirá as súas portas o sábado 15 de xuño, sendo a entrada de balde ata o 1 de xullo. A maiores, o sábado 29 de xuño terá lugar unha gran Festa de Inauguración con inchaables acuáticos para os máis pequenos.

Os prezos mantéñense sen variacións con respecto a outros anos. A entrada individual custará 3,71 euros. Os bonos individuais de 20 entradas terán un prezo de 6,17 euros (para menores de 16 anos) e 12,34 euros (para persoas adultas). Ademais, haberá abonos familiares de 20 entradas: pai e nai (15,43 euros), 1º fillo (6,17 euros), 2º fillo (3,09 euros) e de balde os seguintes.

O VII Trofeo Primavera Kumi Kata reúne a 200 judokas en Boqueixón

O pavillón polideportivo municipal do Forte acolleu o pasado 5 de maio a sétima edición do Trofeo Primavera Kumi Kata, organizado pola Escola de Judo de Boqueixón, en colaboración co Concello. Un torneo no que tomaron parte máis de 200 nenos e nenas, de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos, e durante o que tivo lugar a presentación oficial de Kumi e Kata, as dúas mascotas do club.



Recepción oficial aos subcampións de Europa de fútbol gaélico

O alcalde, Ovidio Rodeiro, presidiu a recepción oficial que o Concello lles fixo aos xogadores e xogadoras do equipo de fútbol gaélico Boqueixón, subcampión de Europa nas categorías infantil e cadete. O alcalde lembrou que "ningún equipo galego chegara á final deste torneo", polo que felicitou á rapazada e amosou o seu agradecemento ao traballo realizado polo adestrador, David de la Torre, e pola ANPA do CPI Antonio Orza Couto, promotora deste deporte no municipio.

O Club Squadra celebra o Festival de Fin de Curso

O pavillón do Forte acollerá o domingo 9 de xuño, ás 12:30 horas, o Festival de Fin de Curso do Club Squadra Boqueixón, que contará coa participación de Sonia Martínez, ximnasta local que vén de competir no Campionato de España 2024.



Roi Casal actúa nas Festas de Codoso

O cantante e compositor Roi Casal amenizará as Festas de Codoso o venres 28 de xuño. Ademais do seu exitoso espectáculo *Son galego, Son Cubano*, Casal é coñecido por poñer música ás letras de Neira Vilas.

Encontro interxeneracional nas unitarias de Sergude e Lestedo

As nove persoas participantes no programa de Prevención da Dependencia do Concello de Boqueixón participaron en dous encontros interxeneracionais co alumnado das escolas unitarias de Lestedo (7 de maio) e Sergude (24 de maio). Unha iniciativa coa que se pretende destacar a importancia dos avós e avoas e poñer en valor a fonte de sabedoría da que dispoñen. Un legado que poden trasladar aos máis pequenos a través deste tipo de encontros.

Por outra banda, os maiores tamén asistiron como público ao programa da TVG "Quen anda aí?", acompañados pola concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ángela Conde.

AXENDA DO MES DE XUÑO

Venres
7

Festival da EIM Raíña Lupa

Casa da Cultura Camporrapado.

Sábado
8-29

Baixadas Espeleolóxicas ao Pico Sacro

Centro de Interpretación do Pico Sacro. 6 quedas.
Inscripcións www.espeleoloxia.org

Domingo
9

Festival Fin de Curso Club Squadra

Pavillón O Forte. 12:30 h.

Domingo
9

Mes e Pico. Visita xeolóxica ao Pico Sacro

Aparcadoiro do Pico. 11:00 h.
Geotur. Inscripcións Dpto Turismo.

Venres
14

Mes e Pico. O Pico Sacro con ollos xeolóxicos

Capela de San Sebastián. 19:00 h.
Con Francisco Canosa Martínez.

Sábado
15

Apertura da Piscina Municipal

Instalacións do Forte.

Sábado
15

Mes e Pico. Paseo xeolóxico polo Pico Sacro

Aparcadoiro do Pico. 11:00 h.
Guía: Francisco Canosa Martínez.

Sábado
15

Boqueixón en Ruta. Sendeirismo Laxe-Arou

Inscripcións 981 513 115

Domingo
16

Cerimonia do Lume Sagrado

Pico Sacro, 13:00 h.
Con Son de Gaita e Asociación do Castro da Fervenza de Calobre.

Venres
21

Mes e Pico. Observación astronómica con J. Mira

Aparcadoiro do Pico. 23:00 h.
Inscripcións Dpto Turismo.

Domingo
23

Entrega do Lume Sagrado

Pico Sacro. De 18:00 a 20:00 h.

Mar/Mér
25-26

Charlas "Plan Maior Seguridade"

Local Social de Lestedo (25) e Biblioteca do Forte (26), ás 10:30 horas. Imparte Garda Civil. Inscripcións Dpto Cultura.

Venres
28

Actuación de Roi Casal

Codoso

Sábado
29

Festa de Inauguración da Piscina Municipal

Instalacións do Forte.

Sábado
29

Correntes do Ulla: Descenso do Ulla

Campo do Río de Ponte Ledesma - A. R. de Agronovo

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 | CIM: 981 513 061 | Cultura: 981 513 115 | Dto. Local e Turismo: 981 513 061
concello@boqueixon.com | cim@boqueixon.com | cultura@boqueixon.com | boqueixonturismo@gmail.com